

LETRAS GALEGAS 2020



Ricardo Carvalho Galero naceu en **Ferrol** en **1910** nunha casa con vistas ao mar e faleceu en **1990** en Santiago de Compostela.

Tras os primeiros estudos na súa cidade natal, en **1926** chegou a Santiago para estudar Dereito. Alí púxose en contacto co galeguismo e entrou en **Abril de 1927** no Seminario de Estudos Galegos.

Durante os anos na Universidade fundou con outros persoeiros o Partido Galeguista no ano **1931** e tamén axudou a redactar o Primeiro Estatuto de Autonomía de Galiza.

Casa en Ferrol coa súa noiva, **María Ignacia Ramos** e á súa primeira filla chamánlle **Magalí**. Racerá cando él está en Madrid estudando para ser profesor de instituto.

Escrebe **“Xente da Barreira”** que é a primeira obra súa en galego. O golpe militar sorprendeuno en Madrid e como apoiou claramente á República; cando rematou a Guerra Civil estivo no cárcere en Xaén durante **12** anos. Nestes longos anos de presidio escribiu **“Auto do prisioneiro”**, unha peza teatral que describe o que pasou neses anos.

Cando por fin estivo libre, propuxéronlle que dirixira un colexio en Lugo; o **“Colexio Fingoi”**. Era un centro moderno e diferente para os daquela época. Facían teatro, tiñan hortas, ían de excursión e traballaban en talleres.

Carvalho Galero escribiu varias obras de narrativa a máis famosa é a novela **“Scorpio”**.

Coa chegada da democracia ao noso país comézase a ver a importancia de estudar, escribir e falar en galego. Pero xurdiron dous grupos de escritores e intelectuais: uns defendían que o galego e o portugués eran practicamente a mesma lingua; e polo tanto o galego tería que escribirse moi parecido ao portugués, outros querían que a normativa do galego se afastase do portugués. Carvalho Galero defendeu ata os seus derradeiros días unha unificación da nosa lingua escrita co portugués.




Sabías que a escritora que máis lle gustaba a Ricardo era Rosalía de Castro?

Aquí tedes a Ricardo Carvalho Calero cos seus primeiros alumnos e alumnas do colexio Fingoi en Lugo; nunha das saídas que organizaba.

Despois de ler a biografía de Ricardo Carvalho Calero entra neste enlace para xogar. Átrévete a resolver o misterio!

O MISTERIO DA CASA DE RICARDO CARVALHO CALERO



Preme aquí

Equipo de dinamización da Lingua